

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MAR DE FÓRA

CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1º Curso de EP

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB 1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas.
	EFB 1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.

2º Curso de EP

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflictivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.	EFB 1.1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
	EFB 1.1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB 1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas.
	EFB 1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
	EFB 1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	EFB 2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	EFB 6.3.1. Realiza actividades no medio natural.

3º Curso de EP

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artísticoexpresivas.	EFB4.2.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	EFB6.1.1. Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físicodeportivas.	EFB6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas.
B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.

4º Curso de EP

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB 1.3.1. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB 3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artísticoexpresivas.	EFB 4.2.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB 5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físicodeportivas.	EFB 6.3.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas.
B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB 6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.

5º Curso de EP

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB 1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.
B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB 1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB 1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.
	EFB 1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB 2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB 3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	EFB 3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazotemporais e intentando manter o equilibrio postural.
	EFB 3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artísticoexpresivas.	EFB 4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artísticoexpresivas.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	EFB 5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	EFB 6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazotemporais.

6º Curso de EP

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB 1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.
	EFB 1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
	EFB 1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB 1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.
	EFB 1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
	EFB 1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB 2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB 3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	EFB 3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físicodeportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazotemporais e intentando manter o equilibrio postural.
	EFB 3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e

	<p>iniciando a práctica cos non dominantes.</p> <p>EFB 3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artísticoexpresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazotemporais e intentando manter o equilibrio postural.</p> <p>EFB 3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	<p>EFB 5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.</p> <p>EFB 5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).</p>
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	EFB 6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazotemporais.
B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB 6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físicodeportivas.	EFB 6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Valoración do traballo diario na sesión tendo en conta tanto o traballo realizado na clase como a correcta actitude e interese por facelo ben e esforzarse.
	Instrumentos: Observación directa – listas de control, cuestionarios orais, probas físicas.
Cualificación final	Debido a que esta é unha asignatura práctica e neste 3º trimestre non é posible realizar proceso de ensino-aprendizaxe nin tan sequera para o repaso ou reforzo de contidos traballados; a cualificación final será a nota media dos dous primeiros trimestres.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Propoñense retos e actividades físicas que poden facer nas súas casas. Todas teñen carácter lúdico e poden facelo en compañía dos seus familiares para pasar un tempo agradable en familia.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Na web do colexio publicanse retos e vídeos de actividades que poden facer nas súas casas. Fálase cos titores de cada grupo para que informen e lles recorden aos nenos/as das novas actividades cando estén dispoñibles.
Materiais e recursos	Medios informáticos (móbil, ordenador, tablet...) para poder acceder ás actividades. Ditas actividades propostas están deseñadas para que as poidan realizar con materiais de uso cotiá.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias están informadas a través da páxina web do centro.
Publicidade	Páxina web do colexio:

